



A Xunta integrará nunha Axencia Pública única todos os servizos sociais dependentes da Administración autonómica

6



O Plan Galego das Persoas Maiores propón un centenar de medidas para acadar o envellecemento activo e unha eficacia asistencial

8

A Lei de familia será a primeira do Estado en recoñecer as persoas maiores como membros activos da familia



- ▶ A futura Lei de apoio á familia e á convivencia creará o Rexistro galego de familias monoparentais e impulsará o acollemento familiar para os menores
- ▶ A nova normativa fomenta a conciliación da vida persoal, familiar e laboral a través da definición de medidas como centros de atención á infancia en contornos laborais
- ▶ Creará o Consello Galego das Familias
- ▶ Senta as bases do Plan Galego de Apoio á Familia e á Natalidade e promove a colaboración a distintos niveis para elaborar os plans municipais de familia e natalidade
- ▶ Será a primeira do Estado en abrir a posibilidade de que a muller xestante se declare como unidade familiar.

7

A Mesa de Coordinación do Diálogo Social aprobou oito preacordos en materia de benestar, fomento á contratación e financiamento



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o titular de Economía e Industria, Javier Guerra, presidiron a mesa de coordinación do diálogo social
- ▶ Os preacordos céntranse nas políticas activas de emprego, mellora da competitividade empresarial, sector téxtil e no benestar e na cohesión social.

2

INFORME DO PARO REXISTRADO

Galicia rexistrou en maio un descenso do paro de 5.409 persoas, un 2,31 por cento, fronte ao 1,84 por cento da media do Estado

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa que este descenso súmase o xa rexistrado no mes de abril
- ▶ Trátase da baixada máis acusada do paro nun mes de maio desde que comezou a crise en 2008.

3

Sumario

Emprego-Formación	2-4
Seguridade e saúde laboral	5
Benestar	6-7
Dependencia	8-9
Xuventude	10
Publicacións	11
Normativa	12-22

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

DIÁLOGO SOCIAL

A Mesa de Coordinación do Diálogo Social aprobou oito preacordos en materia de benestar, fomento á contratación e financiamento



Santiago, 24 de maio de 2010.- A Mesa de Coordinación do Diálogo Social aprobou un total de oito preacordos, centrados nas políticas activas de emprego, na mellora de competitividade empresarial, no sector téxtil e no benestar e a cohesión social. Estes preacordos foron pechados nunha reunión presidida pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra.

Son os primeiros puntos de encontro derivados das mesas de diálogo social, nas que están presentes a patronal e os sindicatos, que levan traballando desde o mes de xaneiro cunha media de tres encontros por semana.

Antes de detallar os preacordos adoptados, Mato manifestou o recoñecemento do Goberno da Xunta "á responsabilidade" coa que se está a traballar neste diálogo por parte de todos e destacou que os puntos de encontro acadados son "froito dese espírito compartido polos axentes sociais". Apuntou, así mesmo, que os acordos parten dun diagnóstico real da situación e dunha planificación estratéxica.

O primeiro dos acordos ten que ver coa definición e adecuación á situación actual dos colectivos prioritarios nas políticas activas de emprego. Así, establécense como punto de partida a unificación destes colectivos para todas as ordes de axuda á contratación. Priorízanse nas axudas, as persoas desempregadas de longa duración, as que esgotasen as prestacións por desemprego, parados de máis de 45 anos, mozas e mozos menores de 30 anos, vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade e colectivos en risco de exclusión social, segundo explicou a conselleira de Traballo e Benestar.

Esta priorización está contemplada xa na orde para

as axudas de fomento da contratación publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) o pasado 7 de maio e que inclúe o fomento da contratación indefinida inicial, a transformación de contratos temporais en indefinidos e incentivos á contratación temporal. As axudas contempladas oscilarán entre os 1.800 e 6.000 euros.

A orde que regula estas axudas está dotada con 113,2 millóns de euros repartidos entre este ano e o 2013, cifra coa que se espera poidan beneficiarse 24.000 galegos, arredor de 6.000 cada ano.

A iniciativa do Goberno galego establece unha maior contía do incentivo para as empresas que coas novas contratacións acaden maiores taxas de estabilidade, aínda que se elimina como requisito de acceso ás axudas acadar unha determinada taxa de estabilidade, a pesar de que a súa consecución é un criterio de maior intensidade da liña de subvencións.

Nova clasificación das persoas desempregadas

O segundo asunto ao que se chegou a acordo na Mesa 1 é a mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia. Neste eido, Mato explicou que se recollen melloras para impulsar o traballo das oficinas de emprego e que estas sexan un mellor instrumento para o desempregado e o empregador. "En definitiva, establécense mecanismos para adaptalo ás necesidades dos demandantes de emprego e tamén dos empresarios co obxectivo de convertelo, por tanto, nun instrumento que conte coa confianza da sociedade para as funcións que lle son propias", apuntou a titular de Traballo e Benestar.

Para acadar este fin impulsarase a orientación laboral, farase -no prazo dun ano- unha nova clasificación dos demandantes de emprego e poranse en marcha centros de apoio ao empregador, eido no que están previstos xa os da Coruña e Vigo para este mesmo ano. Todo iso deberá acompañarse cun impulso da intermediación, unha ratio que neste momento sitúase no 5%.

A terceira área refírese ao sector téxtil e en concreto o preacordo que se elevou á mesa de coordinación foi o do proxecto Empregatex. Mato lembrou que este plan foi o primeiro acordo do diálogo social, que conta con 3 millóns de euros durante 2 anos durante os que se aspira a reinserir laboralmente, polo menos, ao 60% dos seus participantes.

Máis de 400 persoas inscribíronse desde o pasado mes de abril no programa para participar nel. O proxecto inclúe o deseño de itinerarios de inserción laboral personalizados para determinar o programa no que pode encaixar cada persoa, xa que Empregatex porá en marcha ata seis plans de inserción diferentes. Unha vez elaborados os itinerarios, poranse en funcionamento os diferentes mecanismos para lograr o fin último, a inserción laboral.

Polo que respecta ás medidas de cohesión e benestar social atendidas especificamente na Mesa 4 do diálogo social, os acordos, tal e como concretou Mato, son a elaboración das bases da Lei galega de inclusión Social e do borrador de proxecto de decreto de cara á posta en marcha do Consello Galego de Benestar Social, tal e como se recolle na Lei galega de servizos sociais, que

.../...

INFORME DO PARO REXISTRADO

.../...

será un órgano de asesoramento do Goberno da Xunta na planificación e programación dos servizos sociais.

Tamén destaca a posta en marcha da Mesa Galega de Servizos Sociais, coa elaboración do borrador de proxecto de decreto correspondente, que terá como misión analizar todas as pautas postas en marcha nesta área.

Dentro da Lei de inclusión social, inclúese a redefinición da Renda de Inclusión Social de Galicia, RISGA, de forma que "pase a ser unha auténtica ferramenta para a inclusión, e non só nunha subvención ou prestación económica", incidiu Mato.

Por iso, esta nova renda terá en consideración tres tramos: un tramo persoal e familiar, un tramo de inserción e un de transición ao emprego.

O tramo persoal e familiar establece a axuda para cubrir as necesidades vitais básicas, e incluíría os incrementos correspondentes para axudas á integración do menor, no caso de menores convivintes coa persoa en risco de exclusión.

O tramo de inserción é a novidade básica, que permite falar de salto cualitativo e cuantitativo no proceso de inserción. Trátase dunha axuda vinculada a un convenio de inclusión, asinado tanto pola Administración como polo beneficiario da prestación. Recolle o seu compromiso para o cumprimento dun proxecto formativo personalizado e a medida, orientado á inserción laboral.

"A meta última desta variación é a inserción, como punto de partida básico para o abandono do risco de exclusión e para o desenvolvemento dun proxecto de vida autónomo e independente. Esta nova renda plasma ao cen por cen a intrínseca relación dos servizos de emprego e os de inclusión", destacou a conselleira.

Santiago, 2 de xuño de 2010.- Galicia rexistrou no mes de maio un descenso do paro rexistrado de 5.409 persoas, o que en termos relativos supón unha baixada do 2,31 por cento e sitúa o número de desempregados na comunidade en 228.507 persoas. Trátase da baixada máis acusada nun mes de maio desde que comezou a crise económica en 2008.

Así o explicou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, quen valorou en rolda de prensa os datos do paro rexistrado correspondentes ao mes de maio. Na súa intervención, sinalou que o descenso rexistrado en Galicia é superior á baixada da media do Estado, xa que na comunidade galega se situou nun 2,31 por cento fronte ao 1,84 por cento do Estado.

Este descenso vén a confirmar a "importante contención da destrución de emprego, que foi case sempre da metade con respecto ao mesmo período anterior" e que se viña rexistrando durante os primeiros meses do ano, e que se reflectiu tamén na primeira baixada en oito meses que se detectou en abril.

Ademais, Díaz López resaltou que esta diminución é a máis importante nun mes de maio desde que comezou a crise en 2008. Así, este mes baixou en 5.409 persoas, mentres que entre abril e maio de 2009 descendeu en 3.144; e no mesmo período de 2008, diminuíu en 2.970 persoas.


Con todo, a directora xeral insistiu na "cautela e precaución" á hora de interpretar estes datos, e explicou que "non se pode falar de cambio de tendencia ata que se coñezan os datos da evolución de todo o ano".

Tendo en conta aos sectores, o desemprego baixou en todos eles, agás no colectivo sen emprego anterior (+ 337) e na agricultura e a pesca, (+215). O maior descenso produciuse no sector servizos, con 3.529 desempregados menos, o que se "pode atribuír ao efecto do Xacobeo". O desemprego descendeu tamén na construción (-1.258), e na industria (-1.174).

Con respecto aos datos desagregados, a directora xeral apuntou en canto ao sexo e a idade das persoas desempregadas, o maior descenso foi o dos homes maiores de 25 anos, cunha baixada de 2.527. Con todo, o desemprego redúcese en todos os tramos segundo os parámetros de sexo e idade.



Estatísticas mensuais



Preto de 650 persoas sen traballo beneficiaranse a partir do mes de xuño das 26 escolas e obradoiros de emprego da Xunta

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar destinará preto de 13 millóns de euros a estes programas mixtos de formación e emprego
- ▶ O fin último destes proxectos é acadar a inserción no mercado laboral da maioría dos seus participantes
- ▶ Na iniciativa participarán tamén 100 profesionais que serán os encargados de coordinar as accións coas entidades promotoras.

Santiago, 30 de maio de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar fomentará a contratación entre os meses de xuño e xullo dun total de 649 parados a través dos seus programas mixtos de formación e emprego que inclúen tres modalidades: escolas obradoiros, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento. Na primeira convocatoria deste ano, o departamento autonómico destinará preto de 13 millóns de euros a un total de 26 proxectos que teñen como obxectivo último acadar a inserción no mercado laboral da maioría destas persoas.

A iniciativa da Xunta ademais beneficiará a preto de 100 profesionais que ocuparán os postos directivos, de xestión e docentes. Eles serán os encargados, en coordinación coas entidades promotoras, da boa marcha de cada un dos plans.

O Goberno galego espera que preto dun 70 por cento dos participantes cheguen á meta final deste programa, a inserción real no mercado laboral, xa que, tendo en conta os resultados de ocupación laboral que recolle o Servizo Público de Emprego Estatal para estas accións concretas, un 83 por cento logra a inserción no caso das escolas obradoiros e o 70 por cento nos obradoiros de emprego.

Os programas mixtos de formación e emprego teñen unha dimensión triple. Por unha banda, busca mellorar a empregabilidade dos traballadores ao ofrecerlles unha formación para o emprego teórico-práctica de calidade, da man dos expertos que as imparten; por outro lado, acádase a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas no ámbito local, que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para toda a sociedade; e, por último, estes programas permiten a colaboración institucional entre a Xunta, as entidades locais e as distintas asociacións que promoven estas accións.

A primeira comisión de valoración deste ano aprobáronse un total de 26 proxectos (21 obradoiros de emprego, 4 unidades de promoción e desenvolvemento e 1 escola obradoiro) dos 51 que se presentaron. Inicialmente xa foron rexeitados 11 ao non cumprir coa documentación esixida para formar parte deste programa, polo que á fase final chegaron 41 plans.

Na valoración dos proxectos tivéronse en conta ata un total de 11 criterios: número de persoas desempregadas; perspectivas de emprego do colectivo participante; adaptabilidade do proxecto para a participación dos sectores sinalados como preferentes polo Servizo Público de Emprego de Galicia; carácter innovador do plan; a dedicación á implantación de servizos personalizados de carácter cotiá; a calidade do proxecto e do plan formativo cara á obtención do certificado de profesionalidade; o ámbito de actuación superior ao municipal e as achegas da entidade promotora; a participación dos axentes económicos e sociais e o número de proxectos similares promovidos con anterioridade pola entidade solicitante, así como os seus resultados cualitativos e cuantitativos.

As tres modalidades

Por acción formativa, na escola obradoiro que terá lugar en Lugo tomarán parte 30 persoas. Esta modalidade de programa mixto destínase a parados menores de 25 anos, que percibirán un salario de 475 euros ao mes. O custo para a Administración é de 220.000 euros. A escola contará cunha soa fase de 6 meses, que permitirá completar os 18 meses que se desenvolveiron ata o de agora, xa que se trata dunha prórroga.

Nas escolas obradoiros a aprendizaxe e a cualificación alternan co traballo produtivo en actividades relacionadas coa recuperación do

patrimonio histórico, artístico, cultural e natural e coa rehabilitación de contornos urbanos ou do ambiente.

En canto aos obradoiros de emprego, se celebrarán un total de 21 dirixidos a 600 persoas. Estes plans, que combinan formación e emprego, están destinados a maiores de 25 anos e teñen unha duración de 12 meses. Os participantes percibirán un salario de 950 euros ao mes. Traballo e Benestar investirá nesta actuación 12,2 millóns de euros.

Todos os membros dos obradoiros reciben, ademais, orientación e asesoramento laboral, educación compensatoria nos casos de non finalización da ESO, módulos de seguridade e saúde no traballo, de sensibilización medioambiental e de igualdade de xénero.

As actividades que se realizan nos obradoiros teñen que ver coa recuperación ou promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural.

Por último, o programa concederá 4 unidades de promoción e desenvolvemento nas que tomarán parte 20 persoas. Estas iniciativas teñen unha duración de 6 meses e están vinculadas aos Pactos Territoriais de Emprego das comarcas da Costa da Morte, Lugo, Valdeorras e O Salnés.

Os integrantes colaboran na preparación, acompañamento e avaliación dos proxectos de escolas obradoiros, casas de oficios e obradoiros de emprego e, desta forma, encárganse de analizar o territorio para elaborar os plans integrais de intervención de cada unha das modalidades. O financiamento da Xunta nesta modalidade suma 367.000 euros.

Por provincias

Con respecto ás provincias, as accións na Coruña son un total de 8 que poderán contar con 198 participantes; en Lugo haberá 6 para 138 desempregados; en Ourense as actuacións suman 7 para 171 persoas; e en Pontevedra son un total de 5 accións formativas para 142 parados.

SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia un 10,34% en abril

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2010.- A accidentalidade laboral baixou en Galicia un 10,34% o pasado mes de abril, período no que se produciron 2.932 accidentes con baixa en xornada laboral, fronte aos 3.270 do mesmo mes do ano anterior. Do total dos rexistrados, 2.865 foron leves, 65 foron de carácter grave e 2 mortais.

Analizando os datos por sectores, a meirande diminución foi na agricultura, cunha baixada do 18,98%; seguida da industria, cun 14,24%; dos servizos cunha baixada do 10,99% e da construción, cun 2,76% menos de sinistralidade. Soamente no sector da pesca houbo no mes de abril un pequeno incremento do 0,93%.

Por provincias, en todas, agás en Ourense, descendeu o número de sinistros laborais, nunha porcentaxe do 26,91% en Pontevedra; do 3,74% en Lugo e do 2,22% na Coruña. Na provincia de Ourense subiu un 22,53%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral é preciso tomar en consideración o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias de accidente cubertas.

O índice de incidencia é especialmente favorable na agricultura cunha redución do 13,39%, ao pasar de 315,11 a 272,91 por cada 100.000 traballadores; nos servizos cun 11,18%, ao pasar de 256,33 a 227,68; e na industria a diminución foi do 10,09%, ao pasar de 711,62 a 639,78. Mentres, o maior incremento do índice de incidencia por sectores no mes de abril foi na construción cun 8,77% e na pesca cun 3,37%.

Diminución do 4,32% no primeiro cuadrimestre do ano

Para dimensionar máis axeitadamente a interpretación destes datos, é necesario contextualizalos na sinistralidade acumulada ao longo do ano.

Desde xeito, considerando os resultados correspondentes ao primeiro cuadrimestre de 2010, observase que baixou en Galicia un 4,32%, cun total de 12.592 fronte a 13.160 no mesmo período de 2009.



Declaración institucional con motivo da conmemoración do primeiro de maio, Día Internacional do Traballo

Na celebración do Primeiro de Maio, a Xunta de Galicia quere ter, en primeiro lugar, palabras de agradecemento para todos os traballadores e traballadoras de Galicia. Agradecemento polo seu esforzo e contribución á construción da nosa sociedade, sexa cal sexa a área na que desempeñan o seu labor.

A universalidade de Galicia ten moito que ver coa capacidade de esforzo e traballo dos galegos e das galegas, e pola que todos merecen, hoxe, sentirse protagonistas deste Día Internacional do Traballo.

No entanto, o Goberno galego non debe nin quere obviar as complexas circunstancias que rodean esta data, marcadas pola recesión económica e as dramáticas cifras do paro. Por iso quere lanzar unha mensaxe moi concreta ás traballadoras e traballadores galegos que nestes momentos non teñen ocupación: son a primeira prioridade da Xunta de Galicia.

Cómpre tamén facer unha chamada á responsabilidade e ao esforzo compartido, e unha aposta polo diálogo e o consenso. O Goberno galego xa ten adoptada esta forma de traballo no Diálogo Social ab-

to entre a Administracións e os axentes sociais, e do que están a saír acordos para poñer en práctica as medidas laborais e económicas que, sen dúbida, e lexitimadas pola participación de todos eles, contribuírá á mellora do mercado laboral en Galicia.

As decisións que tomemos débennos guiar cara a uns obxectivos que persigan un emprego de calidade e en condicións iguais e seguras para todas e todos, así como unhas empresas competitivas, posto que xogan un papel fundamental na creación de emprego e de riqueza. Empresas nas que as relacións laborais destaquen por alcanzar un clima de estabilidade.

Todo isto, para avanzar na senda da converxencia con Europa e satisfacer plenamente as demandas dos cidadáns relativas ao Estado do Benestar. Para a Xunta de Galicia, o emprego é a primeira das políticas sociais, polo que non vai abandonar as súas responsabilidades á hora de facer efectivo o dereito ao traballo dos cidadáns e cidadás galegos.

A Xunta integrará nunha axencia pública única todos os servizos sociais dependentes da Administración autonómica



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou o inicio dos trámites da posta en marcha da Axencia Galega de Servizos Sociais coa que se dá cumprimento á Lei de servizos sociais de Galicia
- ▶ A axencia evitará “duplicidades innecesarias en trámites e sistemas de xestión”, xa que unificará nun só organismo os servizos que agora están repartidos no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e na Secretaría Xeral de Familia e Benestar
- ▶ A súa posta en funcionamento levarase a cabo en colaboración cos concellos e, de feito, a Fegamp formará parte do seu Consello Reitor
- ▶ O proxecto é coherente co plan de racionalización de organismos marcado polo Goberno galego co obxectivo de optimizar os recursos públicos
- ▶ A titular do departamento autonómico deixou claro que esta iniciativa non suporá a supresión de ningún servizo nin dos postos de traballo que sosteñen estes servizos

Santiago, 7 de maio de 2010.- O Goberno galego anunciou que porá en marcha da Axencia Galega de Servizos Sociais coa que se dá cumprimento ao mandato legal da Lei de servizos sociais de Galicia publicada o 3 de decembro de 2008. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou hoxe en rolda de prensa o inicio dos trámites que se seguirán para o desenvolvemento desta axencia, que integrará todos os centros de atención ás persoas maiores, tanto de día como residencias, e os destinados á infancia.

Mato destacou en primeiro lugar que o obxectivo desta iniciativa é integrar “baixo un único paraugas” todos os servizos sociais sostidos con fondos públicos, que na actualidade están baixo o control de diferentes organismos “o que dificulta a súa xestión e organización administrativa”, apuntou a conselleira.

O feito de ter repartidos os servizos en diferentes organismos (Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e Secretaría Xeral de Familia e Benestar) supón, segundo explicou Mato, ter “duplicidades innecesarias que

confunden a cidadanía e dispersan os esforzos do Goberno galego”.

A titular de Traballo e Benestar apuntou que a posta en marcha da axencia, de obrigado cumprimento por lei, sen modificar o que hai na actualidade, sería triplicar órganos coas mesmas funcións.

Así, incidiu en que a Axencia Galega de Servizos Sociais evitará “trámites e sistemas duplicados” polo que engadiu que “a axencia será unha ferramenta para mellorar a eficiencia e eficacia dos servizos sociais públicos”. Esta iniciativa é coherente co plan marcado por este Goberno “co obxectivo de racionalizar e optimizar os recursos públicos”.

Colaboración cos concellos

En segundo lugar, Mato deixou claro que a posta en funcionamento da Axencia “en ningún caso” suporá a supresión nin de ningún servizo nin de ningún dos postos de traballo que sosteñen estes servizos. Neste momento, destacou que “a axencia o que fará será dotar de maior estabilidade e seguridade laboral aos traballadores”.

A conselleira resaltou, en terceiro lugar, que o proceso de posta en funcionamento da axencia desenvolverase en colaboración cos concellos “porque este Goberno non entende os servizos sociais sen a colaboración aberta coas administracións locais, que son as máis próximas aos cidadáns”, subliñou.

Por ese motivo o seguinte paso, indicou Mato, “será dar traslado á

Fegamp do borrador do decreto que desenvolve este organismo para o seu estudo”, sinalou. Ademais, anunciou que a Fegamp formará parte do consello reitor.

A seguinte fase a levar a cabo será a apertura do diálogo cos axentes sociais para debater e artellar a relación de postos de traballo da axencia. Neste sentido, concretou que Traballo e Benestar manterá reunións cos colexios profesionais, entidades e corporacións que estean vinculadas á atención social.

Mato explicou que un paso máis neste proceso será a presentación do decreto no seo do diálogo social, na mesa 4, onde se están a debater cos axentes sociais as políticas sociais que marcarán o futuro de Galicia. “E, por suposto, tamén faremos unha presentación á representación dos traballadores”, subliñou.

En resumo, Mato resaltou que a posta en marcha da Axencia Galega de Servizos Sociais cumpre un mandato legal da Lei de servizos sociais de Galicia, que permitirá unificar nun só organismo a planificación dos centros de día, escolas infantís e residencias da terceira idade (na actualidade estes servizos están repartidos no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e na Secretaría Xeral de Familia e Benestar), dotar de maior seguridade laboral aos traballadores e, polo tanto, optimizar os servizos sociais públicos.

Traballo inicia a rolda de contactos para presentar o contido do decreto da Axencia Galega de Servizos Sociais

Santiago, 21 de maio de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar iniciou a rolda de contactos para presentar a Axencia Galega de Servizos Sociais aos concellos, comezando pola presentación á executiva da FEGAMP coa que a titular deste departamento, Beatriz Mato, mantivo hoxe un encontro.

Na reunión, a conselleira de Traballo puxo sobre a mesa o borrador do decreto que rexerá este novo organismo, que integrará os servizos e persoal do actual Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Neste sentido Mato incidiu en que a liña de diálogo entre Xunta e concellos está aberta porque “é o espírito deste departamento manter conversas con todos.”

Mato presentou ás entidades sociais o anteproxecto da nova Lei de apoio á familia e á convivencia



Santiago, 19 de maio de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou ás entidades sociais o anteproxecto da nova Lei de apoio á familia e á convivencia, que está a elaborar este departamento. Trátase dun texto que se sitúa á vangarda do Estado, e que incorpora distintas figuras novidosas como a creación do Rexistro Galego de Familias Monoparentais, o impulso do acollemento familiar e o recoñecemento das persoas maiores como membros activos da familia.

No acto, que tivo lugar en Santiago de Compostela, participou tamén a secretaria xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella. En total, asistiron máis dun centenar de representantes de distintas entidades vinculadas á familia e ao seu ámbito de actuación.

Mato explicou que a posta en marcha desta iniciativa responde á necesidade de "adaptar" a normativa á sociedade actual e de "anticiparse ao futuro", sempre baixo o eixo fundamental da promoción da calidade de vida. "A familia é a rede esencial de protección non só na infancia, senón ao longo de toda a vida", asegurou.

A elaboración deste texto, recollido en tres títulos ademais do preliminar, fomentará tamén a protección de quen máis o necesita. Ademais, a nova Lei da familia será un instrumento integral e transversal para o futuro de Galicia, na que estarán implicados todos os departamentos da Xunta, xa que define tamén os ámbitos de actuación para a promoción do benestar do núcleo familiar: atención sociosanitaria, educación e formación, participación, voluntariado e lecer e cultura.

Entre os seus obxectivos, cabe destacar que promove a igualdade, protexe a maternidade, defende os máis débiles e conta coas persoas maiores. De feito, a normativa será tamén a pri-

meira de España en tomar en consideración os maiores como membros activos da familia.

Ademais, é preciso sinalar que un dos eixos principais deste texto é o fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral –que por primeira vez en Galicia se recolle cun título propio– coa definición de medidas específicas como o impulso de centros de atención á infancia en contornos laborais.

No que se refire ao resto de actuacións en materia de conciliación, o borrador desta normativa define tamén fórmulas de traballo que non esixen presenza física, e a preferencia das mulleres e homes con fillos e fillas a cargo na elección de quendas de traballo.

En canto á natalidade, o texto senta as bases para a elaboración do Plan Galego de Apoio á Familia e á Natalidade como instrumento de planificación estratéxica para a atención, apoio e protección ás familias galegas. Así, promove a colaboración entre os distintos niveis de organización territorial fomentando a elaboración de instrumentos específicos como os plans municipais de familia e natalidade. A lei garante tamén medidas económicas e fiscais de apoio á familia.

Atención aos máis vulnerables

Ademais, por primeira vez en Galicia, unha normativa de familia asegura a atención a familias con persoas potencialmente vulnerables a cargo. De feito, outorgarase unha especial consideración ás familias que teñan a cargo persoas maiores, dependentes ou con discapacidade, así como ás familias numerosas e ás monoparentais.

Este amparo específico permitirá que nas futuras medidas de apoio aos núcleos familiares aqueles que teñan estas características específicas sexan colectivos prioritarios á hora de deter-

minar os beneficiarios.

O texto fai fincapé na promoción da acollida e a adopción, e apoia especificamente as mulleres xestantes en situación de risco ou vulnerabilidade social. Así, a normativa será a primeira do Estado en abrir a posibilidade de que a muller xestante se declare como unidade familiar.

Esta nova lei, de carácter integral e transversal, recoñece a igualdade de dereitos de todos os membros da familia e respecta tamén a liberdade para organizar a convivencia: matrimonio e parentesco, familias monoparentais e parellas de feito.

Ademais, está comprometida coas familias numerosas e acolledoras, polo valor social da súa achega; coas familias monoparentais, pola especial dificultade de asumir individualmente esta responsabilidade; e coas familias con maiores, dependentes ou persoas con discapacidade o cargo por asumir unha tarefa que nos compete a todos e todas.

Consello Galego das Familias

A nova Lei da familia establece tamén a creación do Consello Galego das Familias, do Observatorio Galego da Familia, así como de servizos de apoio e atención as familias a través das tecnoloxías da información e comunicación.

A normativa promove tamén redes de recursos de apoio ás familias, entre os que se contan centros de atención á infancia, centros de atención a persoas maiores e/ou con dependencia, gabinetes de orientación familiar e puntos de encontro familiar.

O texto será remitido ás entidades, para que durante aproximadamente un mes presenten as súas alegacións á normativa, co fin de pechar un proxecto consensuado entre todos.

O Plan Galego das Persoas Maiores propón un centenar de medidas para acadar o envellecemento activo e unha eficacia asistencial



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou o documento que forma parte do Plan de Actuación Social 2010-2013
- ▶ O proxecto inclúe programas de revisión e coidado da saúde e a ampliación dos servizos de atención en centros de día e residenciais
- ▶ Crearase unha orde anual de axudas destinadas aos maiores con menos recursos para a adquisición de equipamento para as súas vivendas
- ▶ Mato incidiu en que cada unha destas medidas poranse en marcha co consenso dos colectivos, entidades e administracións implicadas cos maiores.

Santiago, 3 de maio de 2010.- O borrador do Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013 propón máis dun centenar de medidas destinadas a mellorar a calidade de vida deste colectivo, que en Galicia representa o 22 por cento da poboación, isto é que 612.000 galegos teñen 65 ou máis anos.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou o documento, unha das accións prioritarias do Goberno galego que se enmarca dentro do Plan de Actuación Social 2010-2013 da Xunta. No acto, estivo acompañada pola secretaria xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella; e pola directora xeral de Dependencia e Autonomía Persoal, Coro Piñeiro.

Entre as accións que o Goberno galego proporá está o impulso dun proxecto da Lei galega dos dereitos das persoas maiores; a realización de diversos protocolos de actuación para casos de maltrato; programas de revisión e coidado da saúde; ampliacións dos servizos de

atención en centros de día e residenciais; e a elaboración de plans municipais para as persoas maiores.

A titular do departamento autonómico fixo fincapé na posta en marcha de actuacións destinadas a manter e recuperar un nivel axeitado de autonomía e benestar destas persoas, "porque xa non só se contemplan nin se priorizan as medidas asistenciais", apuntou.

O Plan Galego das Persoas Maiores converterase nunha ferramenta de coordinación estratéxica e permitirá que as persoas maiores pasen de ser destinatarias a definidoras das políticas orientadas ás súas necesidades e demandas. Por iso, cada unha das accións que contempla o plan galego elaboraranse coas achegas dos diferentes colectivos que representan a este sector da sociedade galega.

Neste intre, Mato incidiu en que cada unha das medidas se porán en marcha co consenso

das entidades representativas do colectivo, as organizacións sociais e entidades representativas dos profesionais e as administracións públicas e organismos dependentes nos distintos niveis territoriais, tanto o autonómico como o local.

"Estamos a garantir o dereito dos maiores a súa participación aos instrumentos que lles permitan intervir na definición dos programas dirixidos a eles", sinalou a conselleira.

Ademais, destacou no acto que para elaborar o documento aplicouse unha perspectiva transversal. "Desta forma, todas as políticas da Xunta terán que ter en conta ao colectivo das persoas maiores", engadiu.

As diferentes actuacións

As medidas que inclúe o proxecto repártense en catro núcleos de acción principais ou eixos: a promoción de valores e protección de dereitos; o envellecemento activo; a eficacia asistencial; e a cooperación transversal.

Así, a promoción de valores e protección de dereitos aglutina ata 29 medidas que buscan acadar catro obxectivos diferentes.

Por unha banda, resaltan accións como o establecemento dun código de boas prácticas para o tratamento do envellecemento nos medios de comunicación e a convocatoria anual de premios 'Galicia senior', que estará destinada ao recoñecemento social a persoas, entidades e colectivos destacados pola súa actividade en beneficio das persoas maiores, para superar os estereotipos sociais negativos asociados ao envellecemento. A finalidade é difundir a vellez como unha etapa na que se poden facer importantes achegas ao proceso de desenvolvemento socioeconómico da sociedade.

O segundo dos obxectivos é avanzar no recoñecemento e difusión dos dereitos das persoas maiores. Para iso poranse en marcha un total de 6 medidas entre as que resalta o impulso dun proxecto da Lei galega dos dereitos das persoas maiores.

Para mellorar os mecanismos para a protección dos dereitos dos maiores e a prevención das situacións de maltrato ou abuso elaboraranse protocolos de actuación para articular procedementos homoxéneos de traballo e para reducir as desigualdades entre homes e mulleres desenvolverase un estudo para o coñecemento efectivo da realidade socioeconómica das mulleres maiores galegas.

Envellecemento activo

O segundo dos núcleos de accións, o envellecemento activo, contempla 37 medidas diferentes para

.../...

DEPENDENCIA



.../...

protexer a saúde dos maiores de cara á prevención de situacións de dependencia e contribuír a súa participación na sociedade civil.

